

Primeiro de Bacharelato – Literatura Universal

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Analizar obras ou fragmentos de obras literarias de diferentes épocas indicando temas e motivos.	<ul style="list-style-type: none">▪ Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.
Analizar as ideas estéticas de obras ou fragmentos de obras de diferentes épocas	<ul style="list-style-type: none">▪ Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron e comparando a súa forma de expresión.
Realizar presentacións escritas de obras e autores da literatura universal	<ul style="list-style-type: none">▪ Realiza presentacións orais ou escritas planificadas con corrección e adecuación.
Ler e comentar, interpretando o sentido, obras literarias de diferentes épocas	<ul style="list-style-type: none">▪ Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>a) rexistro do traballo telemático do alumno; b) análise das producións do alumno mediante rúbricas; c) probas específicas de recuperación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>a) rexistro das tarefas realizadas por cada alumno; b) actividades do alumno (porfolio, que inclúe: cuestionarios de resposta escrita, probas obxectivas con opcións concretas e probas de ensaio escrito); c) probas de libro aberto (actividades extensas que se contestan con todo o material de apoio que se crea convinte).</p>
Cualificación final	<p>Calculárase a medi das dúas primeiras avaliacións: (1ª avaliación + 2ª avaliación): 2. A esa nota sumarase a obtida polas tarefas da terceira avaliación.</p> <p>A nota das tarefas da terceira avaliación será como máximo de 2 puntos: un punto pola entrega de todas as tarefas completas e sen copiar; ata un punto pola calidade dos traballos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Proba escrita baseada no grado mínimo de consecución dos estándares das dúas primeiras avaliacións, segundo a nosa programación.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Non hai alumnos nesta situación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - cuestionarios de resposta escrita: a) ensaios e b) probas obxectivas (cuestionarios telemáticos de Google); - monografías de investigación; <p>[Dada a inestabilidade da situación actual, non somos quen de detallar un plan específico e secuenciado de actividades. Non sabemos canto tempo vai durar o estado de alarma nen cal será a nosa dispoñibilidade de medios, nen a dos nosos alumnos; nen sequera ao máis curto prazo].</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Profesor e alumnos empregan a conta de Google Suite do IES Mugar dos (@iesmugar dos.gal). Por medio das súas aplicacións, se manteñen en contacto directo.</p> <p>O profesor envía: a) apuntes e actividades en formato pdf; b) vídeos feitos por él mesmo explicando os apuntes e as actividades; c) correos electrónicos explicando as actividades.</p> <p>Os envíos son regulares: unha tarefa á semana, ou dúas (unha ao comezo da semana e outra o xoves) se os alumnos remataron a primeira.</p>

	<p>Os prazos de entrega das tarefas son únicamente orientativos.</p> <p>As dúbidas e consultas dos alumnos son resoltas empregando: a) o correo electrónico; b) os mensaxes directos de Google Classroom; c) whatsapp; d) as contas de Instagram do profesor e dos alumnos.</p> <p>Todo o alumnado ten conectividade, pero no caso de que alguén a perda, os concellos de Mugar dos e Ares e Protección Civil brindáronse a levar ás casas as tarefas impresas e a facerlle chegar ao profesor as respostas dos alumnos.</p>
Materiais e recursos	<p>a) Apuntes e actividades elaborados polo profesor; b) videos explicativos elaborados polo profesor; c) outros videos seleccionados; d) documentos textuais seleccionados polo profesor (fragmentos de obras literarias, artigos de periódico...); e) material gráfico seleccionado polo profesor (mapas, gráficas, fotografías, carteis publicitarios...); f) dicionarios e enciclopedias online.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico explicando a adaptación da programación e, especialmente, a avaliación, dirixido aos enderezos dos alumnos en @iesmugar dos.gal
Publicidade	Esta adaptación da programación didáctica será posta á disposición na páxina web do IES Mugar dos.